


UXÍO SOLLA FONTÁN

CARTA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA A CANDIDATO
A CONSEJERO TERRITORIAL POR DEMARCACIÓN DE

GALICIA



Carta de Presentación

Querid@ compañeir@,

O pasado 18 de maio de 2026 convocáronse as eleccións para o Consello Xeral do noso Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

Neste escenario de profunda transformación para a nosa profesión é unha honra dirixirme a ti para presentarche a miña candidatura a **Conselleiro Territorial pola Demarcación de Galicia** e pedirche a túa confianza e o teu voto.

Afronto este reto plenamente identificado co proxecto **Liderando desde Caminos** encabezado por Jesús Contreras, como candidato a Presidente, e Almudena Leal, como Vicepresidenta.

Únome a este equipo porque comparto a convicción de que cómpre un Colexio proactivo, moderno, verdadeiramente útil e centrado no benestar e a prosperidade das persoas que facemos vivir á Enxeñería de Camiños, Canles e Portos.

A miña experiencia como Enxeñeiro de Camiños en Galicia demostroume que Galicia precisa unha voz forte e decidida no Consello Xeral que traslade a realidade e necesidades d@s enxeñeir@s de Galicia, e fortalecer as relacións entre Galicia e a sede central e as demais demarcacións.

Debemos subirnos ao tren dos tempos que nos toca vivir, defender os actuais ecosistemas laborais e conquistar os do futuro. Quedarse ancorados no pasado non é unha opción, é unha sentenza de irrelevancia e desaparición.

Se conto co teu apoio, centrarei o meu esforzo e dedicación en desenvolver o Programa, a Misión e a Visión de **Liderando desde Caminos**. Recoméndoches encarecidamente que o leas, analices e valores de xeito construtivo.

É o momento de avanzar con determinación, de facer aínda máis visible o enorme esforzo e valor técnico e persoal da nosa profesión.

Póñome á túa enteira disposición para debater estas propostas ou atender calquera inquietude ou aclaración que queiras exporme a través do correo electrónico: uxio.solla.fontan@xunta.gal.

UXÍO SOLLA FONTÁN



Experiencia profesional

Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos. Universidade da Coruña

MBA XXXII Escola de Negocios Caixanova

Resolución de Problemas Complexos (Complex Problem Solving). UNIR

Enxeñeiro de Camiños da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) en Ourense. Xunta de Galicia (desde 2013)

Xefe do Servizo Provincial de Ourense da AXI (2011 a 2013)

Enxeñeiro de Camiños en proxectos de enerxías renovables (2004 a 2007)

Enxeñeiro de Camiños da AXI en Santiago de Compostela (2007 a 2011)

Organizador de "ecomFashionBlog", primeiras xornadas sobre comercio electrónico e blogs de moda en Galicia (2012 e 2013).

Primeira ponte con iluminación led funcional: Ponte Nova de Ponte Maceira (2010)

Primeira ponte histórica con iluminación LED interior e exterior escenográfica e funcional: Ponte Romana de Ourense (2016).

Reparación da Ponte do Milenio, singular ponte sobre o río Miño (2016)

Primeira ponte con iluminación LED tramificada e secuencial ao detectar circulación: Pasarela de Oira (2016)

Primeira regulación semafórica intelixente en tempo real en tramos estreitos sen visibilidade: Ponte Esperela (2026)